



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-LG / 2017

Expediente: 2017000006044

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017-ÁREA DE PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2017

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 25980 do 22/08/2017 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017- Área de planificación sociolingüística da lingua galega, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Con data 01/092017 ANIK NANDI e 06/092017 GISELA TOMÉ LOURIDO presentan respectivamente as súas renuncias ás bolsas obtidas polo que se propón a adxudicación á única suplente designada polo tribunal REBECA NOYA RODRÍGUEZ, quedando deserta nesta área a outra bolsa.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Aceptar as renuncias presentadas por ANIK NANDI E GISELA TOMÉ LOURIDO

2.-Conceder definitivamente a bolsas ao solicitante que se relaciona no Anexo 1 polo importe que se indica, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 8.000,00€.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220170008133, importe:8.000,00€, e minorar o documento contable A con núm. de operación: 220170008133 en 8.000,00 €, así como o seu correspondente RC con número de operación: 220170005986, deixando o importe sinalado en dispoñible, aos efectos de incrementar o crédito, nese importe, da Area de ciencias

3.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	REBECA NOYA RODRÍGUEZ	
NIF	54131878K	8.000,00€
Expediente	2017000010631	
Obxecto	Análise das actitudes ante o galego e proposta dunha tipoloxía de falantes.	

Total concedido

8.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.